

En que quedamos?



Os efectos do “acordo da vergoña” un ano despois.
Análise da situación actual e dos recortes confirmados.

O 17 de xaneiro de 2025 cumpriuse un ano da publicación no DOG do texto do acordo asinado uns meses antes por Alfonso Rueda e os tres sindicatos que conforman a minoría sindical na Mesa Sectorial (CCOO, ANPE e UGT). Ese acordo, que quen traizoaron o profesorado venderon como “de melloras” quedou socialmente estigmatizado como o “das renuncias” ou “da vergoña”, por **todos os dereitos que non se recuperaron e os avances que se negaron a aceptar e por tomarse sen contar coa voz e representación do 60% do profesorado.**

O acordo foi contestado con rotundidade nas rúas e nas aulas, con xornadas de folga e manifestacións nacionais, así como polo inmenso apoio a unha recollida de sinaturas na que, **en tan só cinco semanas e chegando a pouco máis do 80% dos centros recolleemos 16.257 sinaturas de profesorado en contra do pacto asinado.** A contestación non quedou aí. No comezo deste curso escolar a CIG-Ensino non só continuou

denunciando todo o que queda atrás no acordo (en materia de horario docente, redución de ratios en todas as etapas, redución da burocracia ou atención á diversidade) senón tamén para fiscalizar os reiterados incumprimentos do que a propia Consellaría comprometeu e que nin sequera respecta, coa convivencia dos sindicatos que se puxeron ao seu servizo. **Mobilizámonos novamente en outubro de 2024 e enchamos outra vez ás rúas de Compostela para denunciar un comezo de curso inzado de recortes e de propaganda.**

Agora, transcorrido un ano, é hora de facer balance da situación creada polos reiterados incumprimentos, que implican non só un desprezo aos propios sindicatos asinantes (algo que tampouco é novo nin é motivo de preocupación) senón a todo o profesorado. Tamén cómpre nesta publicación analizar as repercusións a curto e medio prazo e apuntar á resposta necesaria, que obrigatoriamente ten que ter o profesorado como protagonista.



En que quedamos co horario lectivo?

Sen melloras en Secundaria. En todas as ensinanzas diferentes a Infantil e Primaria o horario do profesorado mantense como estaba como produto dos recortes do ano 2012, sendo neste momento o máis alto de todo o Estado. O profesorado da ESO, Bacharelato, FP e ensinanzas de réxime especial ten un horario de 20 horas lectivas cando partimos das 18 previas aos recortes. No caso do persoal docente que traballa en CIFP a

situación vese agravada pola duracións das sesións (todas de 60 minutos no canto de 50 como nos IES).

A medio camiño en Infantil e Primaria. O acordo limitou a redución a 23 horas de carácter lectivo con presenza no centro (ás que hai que engadir 5 horas máis que se dedicarán ás actividades do centro educativo tamén con presenza neste). A situación previa, froito do mellor acordo asinado en todo o Estado, liderado pola CIG-EnsinO en 2007, era de 21 horas lectivas.

A redución de ratios en infantil e primaria (en cómodos prazos)



En que quedamos coas ratios?

A cuestión da redución das ratios é un calote en toda regra. A Xunta limitouse a adaptar a previsión da caída da matrícula (polo devalo demográfico) a un calendario de aplicación escandaloso e que lle exige un mínimo esforzo. Por se isto fose pouco, aqueles aspectos máis favorábeis (cos que a CIG-EnsinO se amosou na negociación total ou parcialmente a favor) decide incumplilos. Vexamos como queda todo na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

O calendario das ratios en Infantil e Primaria, en cómodos prazos. Á Consellaría non lle abonda con estender até 2032 a redución das ratios, senón que se reserva a capacidade de incumplir todo o que lle pareza. Primeiro, porque **no acordo xa se indica que se pode superar a ratio de 20 por insuficiencia de espazo.** Despois a Lei 5/2024 vai máis alá e sinala que **en aulas con menos de 25 estudantes si se poderá incrementar até ese tope** “nos casos derivados das necesidades de escolarización ou outros supostos apreciados pola Administración”.

16.257 DOCENTES ASINAN CONTRA O "ACORDO DA VERGOÑA"

O PROFESORADO NON SE VENDE

RETRIBUCIÓNS

HORARIOS

RATIOS

BUROCRACIA

É dicir, as ratios son as que lle dea a gana á Consellaría, e o tope máximo segue sendo 25 porque nin se acordou no pacto da vergoña nin se recolle na Lei a blindaxe legal das novas ratios como máximas.

E no resto de ensinanzas, hai novidades? A estafa negociadora segue en pé. Isto é o que di a Lei 5/2024, traspoñendo literalmente o acordo:

ESO e Bacharelato. *A redución (a 25 na ESO e a 30 en BAC) aplicarase de forma progresiva, de acordo co calendario que sexa aprobado para o efecto. A negociación do calendario de aplicación nestas etapas educativas iniciarase durante o curso académico 2026-2027.* Botamos contas? Se seguen a progresividade de Primaria, **a redución comezará na ESO no 2033 e en BAC no 2034. É dicir, con sorte igual se aplica todo no 2036.**

No resto, nada de nada. Para quen traballe na FP (tamén na FP Básica) ou noutras ensinanzas, non había a primeira referencia no acordo nin a hai tampouco na Lei.

En que quedamos coas aulas mixtas?

A redución de ratios naquelas aulas de infantil e primaria que agrupan alumnado de diferentes niveis tería que aplicarse xa no presente curso, unha das medidas coas que a CIG-Ensino se amosou de acordo. Como noutros temas, **a Consellaría incumpre o que asina e no canto de aplicar esa redución no presente curso escolar vaino facer ao longo de catro cursos**, cos seguintes prazos:

- **Curso 2024-25:** só agrupamentos en Infantil.
- **Curso 2025-26:** agrupamentos de 1º ciclo de EP e de EI con EP.
- **Curso 2026-27:** agrupamentos de 2º ciclo de EP e de toda a etapa de EP.

- **Curso 2027-28:** agrupamentos de 3º ciclo de EP, alumnado de distintos ciclos de EP e alumnado de EI que inclúa o de 3 anos.

En que quedamos coa atención á diversidade ao respecto das ratios?

As medidas para ter en conta o alumnado con necesidades de apoio á hora de reducir ratios e, por tanto, mellorar a atención á diversidade eran incompletas no acordo sindical. Deixouse fóra a todo o alumnado que careza de recoñecemento oficial de discapacidade ou dependencia ou ben que non teña un trastorno da conduta diagnosticado. Así, non se terán en conta os informes que poidan facer os departamentos de Orientación ou os Equipos de Orientación Específicos para poder reducir a ratio dunha aula.

As medidas aprobadas nin sequera se aplican como se venderon.

O que se dixo que se ía facer era **desdobrar as aulas nas que, tendo en conta o cómputo dobre** (en casos de discapacidade igual ou superior ao 33%) **ou triplo** (en casos de discapacidade igual ou superior ao 65%), **se superasen as ratios fixadas con carácter xeral.** Por exemplo, nunha aula con 19 alumnos e alumnas nos que un deles tivese unha discapacidade do 65%, ao computar como tres e sumar un total de 21 se debería desdobrar a aula.

A realidade é ben distinta. **O DOG recolle expresamente que se manterá o número de grupos que había en 4º de educación infantil e que, en todo caso, se poderá dotar o centro educativo con recursos docentes adicionais aos que lle corresponden por catálogo.** É dicir, o resultado en número de unidades logo de reducir as ratios a 20 alumnos en 4ºEI (única medida que se aplica no curso actual) non se vai modificar e, como

moito, “poderá” haber máis profesorado de apoio. Unha estafa en toda regra.

Por suposto, a Consellaría resérvase a decisión final do que queira facer no caso de superación de ratios “máximas”, afirmando que *“se nalgún caso excepcional non se puideran cumprir as novas ratios establecidas, por inexistencia de aulas no centro educativo, no caso das ensinanzas de educación infantil e primaria, dotarase o centro cun/cunha especialista máis de educación primaria dos que lle corresponden por catálogo”*.

En que quedamos coa burocracia?

Un clamoroso baleiro é o único resultado das accións da Consellaría para reducir a burocracia innecesaria ou eliminar a prescindíbel. Lonxe disto o profesorado volve sentirse abafado, un ano máis, por trámites, protocolos, avaliacións de diagnóstico e moitas outras tarefas que van *in crescendo* curso tras curso.

Por suposto, nada do que como CIG-Ensino se propuxo: **reducir a carga lectiva para quen ten cargos e responsabilidades de coordinación ou titoría e contratar máis persoal administrativo**. Un novo capítulo vergoñento do acordo das renuncias.

E cos cartos, en que quedamos?

No tema retributivo non lles bastou con romper cunha tendencia consolidada desde hai máis máis de trinta anos: todas as subas salariais foron lineais e idénticas para o profesorado. **Pactaron unha esmola a cambio de condicións de traballo e acordaron unha suba desigual e segregadora.**

Neste caso da pequena suba retributiva, como noutros moitos (tanto deste mesmo acordo como é o incumprimento de ratios como doutros acordos non asinados pola CIG-Ensino, como é caso das condicións do persoal interino), chama a atención que teña que ser o sindicato que non luxou as mans con esa vergoña de acordo quen estea vixilante da súa aplicación. No caso dos cartos, tamén. Vexamos.

No verán de 2024, foi a CIG-Ensino quen alertou da decisión da Xunta de non aplicar a suba anual do 2% aos complementos afectados polo acordo (titoría, sexenios e cargos). Logo da nosa denuncia os sindicatos asinantes botaron as mans á cabeza e afirmaron que “non o consentirían”. A Consellaría de Educación alegou unha confusión da Consellaría de Facenda e a nómina pagouse correctamente.

Novamente vixilantes, **no mes de xaneiro denunciámos unha nova estafa. A Consellaría non aplicou a suba aos sexenios e á titoría como correspondía.** Vexamos o truco.

Para o aumento nos sexenios e na titoría no 2025, **en lugar de calcular o 10% da suba sobre o salario actualizado de 2024**, como correspondería, **volveron tomar como referencia o soldo de 2023**, reducindo así o incremento real. **As contías que nos furtan** son, nestes exemplos, as seguintes:

- **Na titoría** soben 5,22€ no canto de 5,74€. **A Consellaría queda con 0,52€ por docente.**
- **Para quen teña 3 sexenios** a suba quédase en 28,33€ en vez de chegar a 31,17€. **A Consellaría queda con 2,84€ por docente.**
- **E quen teña 5 sexenios** cobrará 50,59€ máis que no 2024, cando a suba debería ser de 55,67€. **A Consellaría queda con 5,08€ por docente.**

Se pensamos que esas contías afectan a máis de 30.000 docentes queda claro o que consegue a Consellaría: un calote en toda regra.

O que máis destacou deste último timo foron dúas reaccións na propia Mesa Sectorial na que a CIG-Ensino afeou á Consellaría a estafa que facían. Por un lado, a da propia administración, que nesta ocasión dixo que non se trataba dun erro senón que foi feito intencionadamente. Por outro, o silencio cómplice dos sindicatos asinantes que non abriron a boca nin para facer o paripé dunha queixa formal.

Nin imos calar nin imos consentir

Como CIG-Ensino témolo claro: non ser parte dun mal acordo non limitou nunca ao sindicato maioritario a denunciar todas as falcatruadas que comete a administración. Se enganan o profesorado non imos mirar cara outro lado aínda que non foramos parte ou cómplices do engano.

Houbo quen aceptou atarse de pés e mans para moito tempo. A intención da Xunta é clara: levantou un muro para evitar que melloremos as nosas condicións e para acomodar calquera mínimo avance nas ratios aos ritmos da caída da natalidade. **Desde a CIG-Ensino animamos o profesorado a manter as protestas e denuncias.** Como sindicato non imos ficar parados e elevaremos novamente a voz e as demandas docentes. Para rematar con esta vergoña e para mellorar realmente o ensino público.